

16 DE OUTUBRO DE 2020

ACLARACIÓNS PARA AS FAMILIAS DAS AULAS 5º EI-A, 6º EI-B, 1º EP-B

Estimadas familias,

Esta mañán comunicamosvos un (1) caso de COVID-19 que hai no centro. Para iso seguimos o Protocolo Covid para a xestión de abrochos no centro.

Unha vez en contacto coas Xefaturas territoriais de Sanidade e Educación procédese a comunicar o positivo e seguir as súas instrucións en relación coa xestión do mesmo.

Despois de respostar as preguntas pertinentes feitas polas autoridades sanitarias procédese a **illar tres aulas** do centro por precaución e prevención contra a enfermidade : **5º Ed. Infantil A, 6º de Ed. Infantil B e 1º B.**

Ábrese un expediente na aplicación de centros EDUCOVID, onde se marcan os contactos máis estreitos coa persoa contaxiada, aos que se fará un seguimento polos rastrexadores, ben sexa da Seguridade Social ou os colaboradores da UME, que chamarán aos pais ou nais do alumnado illado.

Dase o caso de que o alumnado de infantil e 1º de Primaria son considerados grupos burbulla ou grupos estables de convivencia, ademáis de que en infantil non é obrigatorio o uso de máscara, polo que todo o alumnado é considerado contacto estreito por estar no mesmo grupo.

RECTIFICACIÓN: O tempo de illamento son 10 días, contados a partir do último día que houbo contacto, **do 10 de outubro ao 20 de outubro**, ambos os dous inclusive e deberán permanecer nos seus domicilios.

De ter síntomas tanto o alumnado coma algún membro da familia deberán contactar telefónicamente co seu centro de saúde.

Os irmáns ou as irmás do alumnado illado poden acudir ao centro escolar sempre que non presenten síntomas da enfermidade. De non poder asisitir quedará a súa falta xustificada mediante un correo ao centro, ao seu titor ou a súa titora, ou ben, xustificándoa por Abalar.

Reciban un cordial saúdo.

Pontevedra, 16 de outubro de 2020

Mª Aurora Cañizares Malagón

Directora do CEIP Alvarez Limeses

